

COMPLEMENTOS DO VERBO

1. Identifica os complementos nestas oracións.

- Antía botou a carta en Correos.
- Os rapaces xogan un partido pola tarde.
- Pedro levou a bicicleta de Xabier.
- O meu compañeiro xoga os luns no parque.

2. Escribe os complementos circunstanciais dos seguintes predicados.

- Esta mañá Xosé paseaba polo parque.
- Antonte demos un paseo pola beira do río.
- Na nova cama durmo de maravilla.
- Cortou os buxos do xardín coas tesoiras.
- Marta escribe mensaxes todos os días.
- Os espectadores saían do estadio moi contentos.
- Mercou un regalo a Lois.